




RIBADAVIA

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2022



Distancia: 10 km
Dificultade: baixa



Ribadavia, historia, tradición, natureza,...

Ribadavia, centro da comarca do Ribeiro, vila de longa tradición e historia, ten unha morea de atractivos polos que ben merece unha visita: historia, ligada ao seu castelo e aos xudeus, arte de diferentes épocas, tradicións e saber, ligados á etnografía e ao viño, e natureza e lecer á beira do Avia.



Castelo de Ribadavia construído a partir do século XI



PERCORRIDO

Comezamos na praza Maior achegándonos á oficina de Turismo, porta de entrada para poder facer a visita, con audioguía, ao castelo e ao museo sefardí, ámbolos dous sinais distintivos e significados da historia e da vida da vila: o castelo, que é máis que un castelo, acolle dentro das súas paredes, a maiores dos elementos defensivos, unha área arqueolóxica na que destaca un bo número de sartegos antropomorfos escavados na pedra; e o museo achéganos á vida e os costumes dos antigos poboadores da vila.

Logo deixámonos ir polas encostas rúas da contorna para ir descubriendo a estrutura da vila, as edificacións singulares, os numerosos, estreitos e recollidos recantos, as igrexas -entre as que sobresaen as románicas de San Xoán e Santiago, de feitura antiga e rica decoración en ventás e canzorros-, o museo etnolóxico, que garda memoria de saberes e faceres xa esquecidos e unha ampla e curiosa colección de libros de "San Cipriano".

Como o espazo urbano tradicional non é moi grande completamos a viaxe saíndo extramuros para baixar á beira do Avia e percorrelo augas arriba ata a Veronza, área de lecer e deportiva, ou augas abaixo ata a desembocadura no Miño, gozando do seu camiñar, da súa voz -cando baixa entre as pedras ou cae nos atrancos- ou da súa calma cando está retido polas paredes que antigamente o contiñan para levalo a traballar aos muíños; da tranquilidade do espazo e da natureza propia da contorna.

Facendo un percorrido amplo, achegándonos na parte alta da vila para coñecer as igrexas da Virxe do Portal e do convento de San Domingos, e as tilleiras da súa contorna protexidas como árbores senlleiras no catálogo da Xunta de Galiza, e indo pola beira do Avia ata a desembocadura, uns 2 km ida e volta, e á Veronza, uns 4 km ida e volta, máis os entre 2 e 3 km de percorrido polas rúas da vila e as visitas, completamos unha boa xornada de andar e ver. Para completar o día, aproveitando que estamos preto, e que o seu contido ten moito que ver co ser de Ribadavia, podemos achegarnos ao Santo André do Campo Redondo, uns 6 km, para coñecer o Museo do Viño de Galiza no que ademais do interese do contido podemos gozar dunha fermosa panorámica da contorna e descubrir, con sorpresa, a magnitude da importancia do cultivo da vide na zona. Aínda que para chegar a el botamos de menos uns sinais indicadores que nos sirvan de guía.



Castelo de Ribadavia



Rúa dos Fornos



Praza Maior, onde se atopa o concello e a oficina de Turismo



Porta da muralla (Porta Falsa)



Igrexa de San Domingos



Igrexa románica de Santiago, de finais do século XII





Igrexa románica de San Xoán



Museo etnolóxico de Ribadavia



O Avia desde Extramuros, coa ponte e o convento de san Francisco